



Teaching Guide				
Identifying Data				2024/25
Subject (*)	Final Dissertation	Code	652G03041	
Study programme	Grao en Educación Social			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Fourth	Obligatory	6
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites	<p>1. Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do Grao.</p> <p>2. Para defender o Traballo de Fin de Grao é necesario ter superadas todas as materias do Plan de Estudos, e mais ter o informe favorable da dirección académica do mesmo.</p>			
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Pedagogía e Didáctica Psicoloxía Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinador	Rivadulla López, Juan Carlos	E-mail	juan.rivadulla@udc.es	
Lecturers	Arias Rodriguez, Maria Alicia Arza Arza, Neves Barba Núñez, María Barca Enríquez, Eduardo Candedo Gunturiz, Maria Dolores Fatima Cruz Lopez, Laura Digon Regueiro, Alba Patricia Espineira Bellon, Eva Maria Espinosa Breen, Pablo Ferradás Canedo , María del Mar Franco Taboada, Victoria Freire Rodríguez, Carlos García Fernández, Manuel Garcia Mira, Ricardo Antonio Gómez Sánchez, Tania Fátima González Fernández, María Dolores Iglesias Galdo, Ana Maria Losada Puente, Luisa Malheiro Gutiérrez, José Manuel Piñeiro Aguin, Isabel Pose Porto, Hector Manuel Rego Agraso, Laura Ríos de Deus, María Paula Rodríguez Machado, Eduardo Rafael Rodriguez Romero, Maria del Mar Rumbo Arcas, Maria Begoña Serantes Pazos, Araceli Teasley Severino, Cathryn	E-mail	alicia.arias.rodriguez@udc.es neves.arza@udc.es maria.barba@udc.es e.barcae@udc.es dolores.candedo@udc.es laura.cruz@udc.es patricia.digon@udc.es eva.espineira@udc.es pablo.espinosa.breen@udc.es mar.ferradasc@udc.es v.franco@udc.es carlos.freire.rodriguez@udc.es manuel.garcia.fernandez@udc.es ricardo.garcia.mira@udc.es tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es m.d.gonzalez@udc.es ana.iglesias@udc.es luisa.losada@udc.es jose.malheirog@udc.es isabel.pineiro.aguin@udc.es hector.pose@udc.es laura.rego@udc.es paula.rios.dedeus@udc.es e.rodriguez.machado@udc.es mar.rromero@udc.es begona.rumbo@udc.es araceli.serantes.pazos@udc.es cathryn.teasley1@udc.es	
Web				



General description	<p>O Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao na Facultade de Ciencias da Educación, establece que o TFG debe reflectir as competencias específicas do Practicum, así como as propias do resto de materias do grao.</p> <p>O TFG supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión da dirección académica asignada.</p> <p>Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao, e en concreto: a capacidade para a búsqueda, xestión, organización e interpretación de datos relevantes- da súa área de estudo- co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.</p> <p>Trátase dunha materia de 6 créditos, o que se corresponde con 150 horas de traballo para o alumnado.</p> <p>Dadas as características da materia a porcentaxe do horas de traballo presencial será acordada en última instancia pola persoa/s encargada/s de dirixir o Traballo de Fin de Grao, establecéndose como obrigatorio que cada alumno/a realice polo menos tres titorías presenciais.</p>
----------------------------	---

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A4	Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A7	Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos.
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A10	Analizar, difundir, orientar e desenvolver procesos de promoción cultural.
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A12	Mediar en situacións de risco e conflito.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A15	Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa.
A16	Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.
A17	Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.
A18	Dirixir e coordinar planos e proxectos socioeducativos.
A19	Asesorar e supervisar programas, planos, proxectos e centros socioeducativos.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
A21	Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.
A22	
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.



B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A5	B5	C5
	A6	B6	C6
	A7		C7
	A8		C8
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A19		
	A20		
	A21		
	A22		



Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A5	B5	C5
	A6	B6	C6
	A7		C7
	A8		C8
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A20		
	A21		
	A22		

Contents	
Topic	Sub-topic
Procedemento para a elección de temas	<ol style="list-style-type: none">1. Proposta por parte dos Departamentos dos temas ou as liñas dos TFG e os directores.2. Aprobación por parte da Comisión de Titulación da listaxe cos temas, así como do número de estudantes que poden escoller cada tema e os criterios de asignación.3. Elección da temática por parte do alumnado matriculado na materia, para o que será convocado á unha reunión na que escollerá en función do seu expediente académico. O proceso rematará cando todo o alumnado presente teña unha temática asignada.4. Listaxe provisoria de asignación de temas e titores/as.5. Período de reclamación.6. Listaxe definitiva. <p>As datas específicas para cada unha das fases do procedemento serán publicadas na páxina web da Facultade.</p>
Modalidade de TFG	<p>Unha vez escollido o tema, o/a estudante acordará co seu titor/a de TFG o tipo de TFG a realizar entre as seguintes modalidades:</p> <ol style="list-style-type: none">a. Estudos empíricos (poderán estar relacionados coa experiencia de Prácticum II)b. Revisión bibliográfico-documental.c. Análise de proxectos socioeducativos.d. Deseño de proxectos socioeducativos.



Estrutura orientativa do TFG	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. Obxectivos e/ou preguntas de investigación 3. Xustificación teórica e contextualización 4. Metodoloxía de traballo e actividades propostas 5. Avaliación, resultados e/ou conclusións 6. Valoración 7. Relación de fontes documentais 8. Anexos
------------------------------	---

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Oral presentation	B1 B6 C1 C2 C3	1	9	10
Supervised projects	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	137	137
Personalized attention		3	0	3

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Oral presentation	<p>SOLICITUDE DE DEFENSA:</p> <p>Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFG, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que presentar, no prazo e lugar establecido polo centro, e en formato dixital, un exemplar do TFG; un resumo do TFG dirixido ao tribunal; o documento coa solicitude de defensa e o documento co expediente académico (onde aparezan todas as materias superadas do plan de estudos).</p> <p>DEFENSA:</p> <p>Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo.</p> <p>Para a defensa deberá acudir cun documento identificativo (DNI ou Pasaporte), e o resto de documentos que se soliciten, se é o caso.</p> <p>Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 15 minutos e o tribunal disporá de 15 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debater co alumno/a.</p> <p>O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para exposición.</p>



Supervised projects	<p>O alumnado realizará o TFG baixo a supervisión e guía da súa dirección académica.</p> <p>A dirección será responsable de expoñerlle ao estudantado as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento. Realizará un seguimento da elaboración do TFG e velará polo cumprimento dos obxectivos fixados. Unha vez finalizada a elaboración autorizar a presentación e defensa do TFG.</p> <p>As modalidades do TFG que poderán realizar o alumnado son algunha das seguintes:</p> <p>a) Estudos empíricos relacionados con calquera das liñas temáticas propias da titulación de grao e enmarcados no ámbito das competencias desta.</p> <p>b) Revisión e investigación bibliográfica centrada nalgún dos diferentes campos da titulación de grao.</p> <p>c) Análise de protocolos de actuación, unidades didácticas, proxectos socioeducativos ou calquera outro documento institucional, vinculadas a algún dos diferentes campos da titulación de grao.</p> <p>d) Deseño de unidades didácticas, proxectos educativos e socioeducativos de diversa índole, relacionados coa titulación de grao.</p> <p>e) Estudos empíricos relacionados coa experiencia en prácticas externas curriculares e/ou extracurriculares noutras institucións relacionadas coa titulación de grao, no marco das competencias desta.</p> <p>f) Exposición e presentación de patentes de investigación ou modelos de utilidade, rexistrados ou non, deseñados polo alumnado e con relación cos contidos da titulación de grao.</p>
---------------------	--

Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects	Unha vez publicada a listaxe definitiva de asignación de temáticas e dirección académica, o alumnado terá que poñerse en contacto coa súa dirección académica nun prazo máximo de dez días naturais.

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Supervised projects	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Avaliación emitida pola dirección académica sobre a adquisición de competencias reflectidas no traballo realizado (contido e formato). Valoraranse as seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Proceso e aspectos formais (10): adecuación ao formato esixido; organización da información segundo os apartados establecidos e o tipo de traballo; calidade na exposición do contido e uso da terminoloxía apropiada; incorporación das referencias bibliográficas oportunas. - Contido do traballo (60): fundamentación teórica (xustificación e contextualización, elección de fontes axeitadas); proposta/proxecto/estudo (profundidade e adecuación dos contidos de cada parte, coherencia interna, viabilidade, pertinencia e/ou carácter innovador); resultados/conclusións (relación cos obxectivos formulados; grao de comprensión dos coñecementos dunha área de estudo concreta vinculada ao Grao) 	70
Oral presentation	B1 B6 C1 C2 C3	<p>Avaliación emitida polo tribunal sobre a exposición e defensa pública do TFG.</p> <p>Valoraranse as seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grao de elaboración, fundamentación, claridade e solidez do discurso, facendo un uso adecuado e rigoroso da linguaxe. - Capacidade de síntese e de distribución do tempo de exposición, facendo fincapé nos aspectos clave para entender o interese do traballo. - Resolución, concreción e exactitude das respostas ás preguntas e aos comentarios formulados polo tribunal 	30

Assessment comments



O alumnado disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación e defensa pública do TFG: unha ordinaria (xuño) e outra extraordinaria (setembro)

? Para aprobar a materia de TFG e necesario superar os dous elementos da avaliación: traballo tutelado e defensa oral.

? Enténdese que a parte do traballo tutelado está superada, e este pode ser defendido ante un tribunal, cando se conta coa autorización de defensa e cun informe favorable sobre o traballo que debe incluír unha cualificación numérica mínima de 3,5 (nunha escala do 0 ao 7), emitidos ambos pola dirección académica.

? A superación da parte da defensa implica que o tribunal emita unha cualificación numérica mínima de 1,5 (nunha escala do 0 ao 3).

? A cualificación final do Traballo de Fin Grao será a emitida polo tribunal.

? No caso de non contar coa autorización de defensa e/ou co informe favorable emitidos pola dirección académica do traballo, a cualificación recibida será **NON PRESENTADO**.

? No caso de non realizar a defensa ante o tribunal, a pesar de ter o informe favorable e/ou a súa autorización, a cualificación recibida será **NON PRESENTADO**.

? No caso de non superar a defensa oral, a cualificación final recibida será a obtida nesta parte da avaliación, pero nunha escala do 0-10.

? Dentro dunha mesma convocatoria, o alumnado que reciba unha cualificación de **NON PRESENTADO** ou de **SUSPENSO**, contando coa autorización de defensa e co informe favorable da súa dirección académica só terá que repetir a parte da avaliación correspondente á defensa oral do TFG.

? O alumnado que non supere a materia en ningunha das oportunidades de avaliación dunha mesma convocatoria, terá que matricularse de novo na mesma. Neste caso:

a) Se a cualificación recibida na convocatoria anterior foi de **SUSPENSO**, deberá comezar o proceso de elección de liñas temáticas nas mesmas condicións que o alumnado que se matricula por primeira vez.

b) Se a cualificación recibida na convocatoria anterior foi de **NON PRESENTADO**, poderá manter o mesmo tema e a mesma dirección académica do último curso en que se matriculase da materia, sempre e cando conte co consentimento explícito da propia dirección académica.

Convocatoria adiantada (febreiro)

De forma excepcional e sempre que o estudante non teña pendente máis que a superación do TFG para rematar os seus estudos de Grao e conte co informe favorable da dirección académica, poderá defendelo en convocatoria adiantada, nas datas que estableza a Facultade desde o inicio do curso académico; pero respectando sempre o número máximo de dúas oportunidades do que poderá facer uso en cada curso académico.

O sistema de avaliación desta convocatoria adiantada será o mesmo que na convocatoria ordinaria.

Revisión as cualificacións

Se o alumnado quere revisar a cualificación outorgada pola dirección académica, deberá solicitarlo por correo electrónico no prazo de 4 días naturais logo da publicación da cualificación. Dende a dirección do TFG indicárase data, hora e lugar para realizar a revisión que será sempre antes do inicio do período de presentación e defensa diante do tribunal, por se houber modificación da cualificación.

De acordo coa normativa de avaliación vixente da UDC, a data de revisión da cualificación definitiva do TFG será a que marque o tribunal, unha vez realizadas as defensas.

?Dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica?:

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Sources of information

Basic As consensuadas coa dirección académica do Traballo de Fin de Grao. Deberán estar ben referenciadas no TFG.

Complementary

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus



Other comments

Na entrega dos traballos documentais que se realice no seguemento da materia, recoméndase o uso de medios telemáticos e, de non ser posible, as impresións a dobre cara, papel reciclado e evítase a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero (usarase linguaxe non sexista, bibliografía de autores/as de ambos os sexos?). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obrigatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia. No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.